

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Resolución do 4 de decembro de 2006, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se seleccionan os centros desta comunidade autónoma que participarán na actividade de escolas viaxeiras no ano 2007.*

Por Orde do 2 de outubro de 2006 (DOG do 16 de outubro), a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria convocou axudas para a realización de actividades de escolas viaxeiras durante o ano 2007.

Efectuada a valoración de solicitudes polas comisións provinciais previstas no punto 8 da devandita orde, e conforme a proposta da comisión constituída con tal fin nesta dirección xeral, e en función das atribucións que me foron conferidas pola orde de referencia,

### RESOLVO:

Seleccionar os centros para participar na actividade de escolas viaxeiras que se sinalan no anexo que se xunta á presente resolución.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2006.

M<sup>a</sup> José Pérez Mariño

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

QENDA	RUTA	DATA	DENOMINACION	ENDEREZO	CP	LOCALIDADE	PROVINCIA
1	ASTURIAS	17-23 ABRIL	CEIP DE SAMOS	SAMOS	27620	SAMOS	LUGO
1	EXTREMADURA	17-23 ABRIL	CPI S. SADURNIÑO	MARQUES FIGUEROA, S/N	15560	S. SADURNIÑO	A CORUÑA
1	MADRID	24-30 ABRIL	CEIP STA. M <sup>a</sup> DE VALADOURO	DEPUTACION, 7	27770	FERREIRA	LUGO
1	TOLEDO	24-30 ABRIL	CEIP CURROS ENRIQUEZ	SAENZ DIEZ, 52	32003	OURENSE	OURENSE
1	GRAN CANARIA	1-7 MAIO	CEIP A FRAGA	AVD. HABANA, S/N	15320	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	A CORUÑA
1	C. VALENCIANA	8-14 MAIO	CEIP O SALVADOR	JOSE YAÑEZ GARCIA, S/N	27287	A PASTORIZA	LUGO
1	CATALUÑA	8-14 MAIO	CEIP DE MANZANEDA	RUA DO PENDON, S/N	32781	MANZANEDA	OURENSE
1	SORIA	08-14 MAIO	CEIP OS CASAIS	A ARMADA	15520	FENE	A CORUÑA
1	ANDALUCIA ORIENTAL	15-21 MAIO	CEIP BORMOIO-AGUALDA	CAMPO DA FEIRA, S/N	15148	CORISTANCO	A CORUÑA
1	ARAGON	15-21 MAIO	CEP SABARIS	SABARIS	36393	BAIONA	PONTEVEDRA
1	BURGOS	15-21 MAIO	CEIP STA. M <sup>a</sup> DE BECERREIRA	BECCERREIRA		VIGO	PONTEVEDRA
1	MADRID	15-21 MAIO	CEIP ALBINO NUÑEZ	O PINO-CASARDOMATO, 1	32001	OURENSE	OURENSE
1	MURCIA	15-21 MAIO	CEIP A MAGDALENA	CAMPEIRAS	15320	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	A CORUÑA
1	SALAMANCA	15-21 MAIO	CEIP DE COVAS	GRANXAS, S/N	27868	VIVEIRO	LUGO
1	SORIA	15-21 MAIO	C. ATLANTIDA	ROCIO, 7	36208	VIGO	PONTEVEDRA
1	BALEARES	22-28 MAIO	CEIP DE QUINS	QUINS	32411	MELON	OURENSE
1	LA RIOJA	22-28 MAIO	CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA	A FRAGA DO REI	36860	PONTEAREAS	PONTEVEDRA
1	MURCIA	22-28 MAIO	CPR SAGRADO CORAZON	CARLOS III, S/N	27700	RIBADEO	LUGO
1	NAVARRA	22-28 MAIO	C. ABRENTE	ADIGNA PORTONOVO	36979	SANXENXO	PONTEVEDRA
1	PAIS VASCO	22-28 MAIO	CEIP RAMON OTERO PEDRAYO	ELENA QUIROGA, 7	32300	O BARCO DE VALDEORRAS	OURENSE
2	C. VALENCIANA	2-8 OUTUBRO	CEIP QUIROGA BALLESTEROS	BOLAÑO RIBADENEIRA, S/N	27001	LUGO	LUGO
2	CATALUÑA	2-8 OUTUBRO	CEIP ALEXANDRE BOVEDA	ANGOREN, 6	36320	REDONDELA	PONTEVEDRA
2	MADRID	2-8 OUTUBRO	CPI A PICOTA	A PICOTA, S/N	15256	MAZARICOS	A CORUÑA
2	MURCIA	16-22 OUTUBRO	C. A MERCED	AVD. MERCED, 58	27600	SARRIA	LUGO
2	SORIA	16-22 OUTUBRO	C. LA MILAGROSA	GANDARA, 11	15993	RIBEIRA	A CORUÑA
2	ARAGON	23-29 OUTUBRO	C. BOUZA BREI	BAIXADA S. JUAN, 167	36205	VIGO	PONTEVEDRA
2	EXTREMADURA	23-29 OUTUBRO	CPI A CAÑIZA	ACCESO AO PARQUE, S/N	36880	A CAÑIZA	PONTEVEDRA
2	MADRID	23-29 OUTUBRO	CEIP A. PEDROSA LATAS	PURISIMA, S/N	27863	VIVEIRO	LUGO
2	SALAMANCA	23-29 OUTUBRO	CEIP MANUEL RESPINO	AVD. DE VILELA, 34	32350	A RUA	OURENSE
2	TOLEDO	23-29 OUTUBRO	CPI CASTRO BAXOI	MARISMAS, S/N	15630	MIÑO	A CORUÑA
2	ANDALUCIA OCCIDENTAL	30 OUTUBRO-5 NOVIEMBRE	CEIP SANTA RITA	A TRABE	27867	VIVEIRO	LUGO
2	ARAGON	6-12 NOVIEMBRE	CEIP DE CASTRELO	CASTRELO	36639	CAMBADOS	PONTEVEDRA
2	MURCIA	6-12 NOVIEMBRE	C. SAGRADO CORAZON	AREAL, 13	32800	CELANOVA	OURENSE
2	TOLEDO	6-12 NOVIEMBRE	CEIP EUGENIO LOPEZ	AS ESCABANAS	15270	CEE	A CORUÑA
2	ANDALUCIA OCCIDENTAL	13-19 NOVIEMBRE	C. SAGRADO CORAZON	IRMANS PRIETO, 7	32500	O CARBALLIÑO	OURENSE
2	EXTREMADURA	13-19 NOVIEMBRE	CEIP O COUTO	RAMPLA DE SAS	32002	OURENSE	OURENSE

## CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

*Orde do 14 de decembro de 2006 pola que se regula a concesión de axudas para compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos causados polas inundacións producidas no mes de novembro do ano en curso.*

No Diario Oficial de Galicia nº 236, do 11 de decembro de 2006, publicouse o Decreto 227/2006,

do 7 de decembro, de medidas urxentes para a reparación dos danos causados polas inundacións acaecidas no mes de novembro en Galicia.

No artigo 9 do devandito decreto establécese que serán obxecto de axuda os danos directos provocados nos establecementos comerciais, mercantís, industriais ou turísticos como consecuencia das inundacións, nas súas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías nelas depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades.

Por outra banda, o artigo 1.2º do mesmo decreto sinala que os termos municipais e núcleos de poboación afectados aos que concretamente sexan de aplicación estas axudas se fixarán nos instrumentos de desenvolvemento deste decreto.

En consecuencia, e dada a devandita previsión, cómpre proceder a fixar os termos municipais, a contía e o procedemento de concesión de axudas o que, en concordancia co artigo 3.2º do antedito decreto, se realizará en réxime de concesión directa por mor do interese público, social, económico e humanitario derivado das excepciónais circunstancias que concorren.

Así, o procedemento que se articula nesta orde vén dar unha resposta inmediata á situación xerada polas inundacións no ámbito do comercio retailista, sector turístico, mercantil e industrial, establecendo medidas urxentes para paliar as repercusións máis inmediatas producidas nos establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos dos concellos enumerados no anexo I desta orde. En definitiva, trátase de atender as necesidades dos colectivos afectados para contribuír, de xeito decidido e con todas as garantías procedementais, a rexenerar e a reactivar a actividade comercial, industrial e turística das zonas anegadas pola auga.

Con base no anterior, e en uso das facultades que teño atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

### DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto, ámbito de aplicación e natureza das axudas.

1. Esta orde ten por obxecto convocar, polo procedemento de concesión directa, axudas para reparar os danos provocados nos establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos como consecuencia directa das inundacións acaecidas no mes de novembro de 2006 nos concellos relacionados no anexo I desta orde.

2. A concesión destas axudas terá carácter subsidiario respecto de calquera outro sistema de cobertura de danos, público ou privado, estatal ou internacional, de que poidan ser beneficiarios os afectados.

3. Non obstante, cando os citados sistemas non cubran a totalidade dos danos producidos, as axudas previstas nesta orde serán compatibles en concorrencia con outras subvencións, indemnizacións, axudas, ingresos e recursos procedentes de sistemas públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ata o límite do valor do dano producido.

4. Para o outorgamento e concesión das axudas reguladas nesta orde observarase o disposto nas nor-

mas seguintes:

a) Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, ambos nos seus preceptos básicos.

b) Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, texto refundido aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e modificada pola Lei 8/1999, do 30 de decembro, Lei 5/2000, do 28 de decembro, Lei 3/2002, do 29 de abril, Lei 7/2002, do 27 de decembro, Lei 9/2003, do 23 de decembro, e Lei 14/2004, do 29 de decembro.

c) Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

d) Normativa comunitaria de aplicación ás axudas.

Artigo 2º.-Beneficiarios e finalidade da axuda.

Poderán ser beneficiarios destas axudas os titulares de establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos en que se producisen danos polas inundacións acaecidas nos concellos relacionados no anexo I da presente orde no mes de novembro de 2006, debendo quedar acreditada a dita relación de causalidade.

Para estes efectos consideraranse os danos causados nas súas edificacións, instalacións, maquinaria, e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos a estas actividades.

Artigo 3º.-Crédito destinado ás axudas.

Destinarase unha contía de 9.500.000 euros, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria derivada de incorporacións ou xeracións de crédito. A existencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria será obxecto de publicación no DOG e non suporá a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

O financiamento das axudas imputarase aos créditos previstos nas aplicacións orzamentarias seguintes:

-10.04.712.B.770.1 polo importe de 1.500.000 euros, para aquelas axudas destinadas a compensar os danos sufridos en establecementos industriais.

-10.05.521.A.770.5 polo importe de 8.000.000 de euros, para aquelas axudas destinadas a compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, mercantís e turísticos.

Artigo 4º.-Solicitudes, documentación e lugar de presentación.

As solicitudes presentaranse segundo o modelo que figura como anexo a esta orde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Os solicitantes deberán presentar por duplicado exemplar, incluíndo orixinal ou copia compulsada, a seguinte documentación:

- \* DNI do solicitante titular do establecemento.
- \* CIF ou NIF.
- \* Escrituras de constitución, estatutos e modificación no caso de persoas xurídicas.
- \* Certificación expedida pola Axencia Tributaria, na cal se indiquen as epígrafes do imposto de actividades económicas en que figura dado de alta o solicitante.
- \* Memoria descritiva dos danos causados e do correspondente investimento para a súa reparación, con detalle do orzamento desagregado por partidas ou facturas pro forma e do calendario de execución, acompañada polo proxecto técnico no caso de ser exixido polo concello para o tipo de obra ou investimento que se vaia realizar. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos efectuadas polo solicitante.
- \* Póliza de aseguramento e declaración xurada de que os bens para os cales solicita as axudas non están cubertos polo seguro correspondente.
- \* Declaración do conxunto de todas as axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución.
- \* Documentos gráficos en calquera soporte que dean fe do dano e acreditación dos bens afectados polas inundacións.
- \* Certificación bancaria para o aboamento da axuda.
- \* Acreditación, de ser o caso, da titularidade do vehículo e da súa afectación á actividade que desenvolve.
- \* Calquera outra documentación que contribúa a probar a contía dos danos, da condición de afectado e da vinculación dos bens danados á actividade desenvolvida.

A solicitude e a documentación por duplicado, orixinal ou copia compulsada, dirixírase ao conselleiro de Innovación e Industria e presentárase preferentemente no rexistro xeral dos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria, sito no edificio administrativo San Caetano, s/n, bloque 5, 4º andar, Santiago de Compostela, ou nos demais lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 5º.-Contía.

A Consellería de Innovación e Industria poderá conceder unha subvención por importe de ata o custo

da reparación ou reposición dos danos ocasionados nas edificacións, instalacións, maquinaria e nas mercadorías neles depositadas, así como nos vehículos comerciais ou industriais afectos á actividade comercial, mercantil, industrial ou turística en función das disponibilidades orzamentarias e do número de solicitudes, tendo en conta, en todo caso, o disposto nos puntos 2 e 3 do artigo 1º da presente orde.

A Consellería de Innovación e Industria levará a cabo as actuacións de comprobación que considere necesarias para garantir unha óptima fixación da contía dos danos e a correcta aplicación das axudas, podendo a este respecto solicitar a achega da documentación necesaria para verificar a veracidade da información dos solicitantes.

Artigo 6º.-Resolución de concesión.

Á vista das solicitudes presentadas, o conselleiro de Innovación e Industria ditará resolución, logo da proposta de resolución, que será emitida:

a) No caso de danos sufridos en establecementos industriais, pola Dirección Xeral de Promoción Industrial.

b) No caso de danos sufridos en establecementos comerciais, mercantís e turísticos, pola Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

A resolución será obxecto de publicidade no termos establecidos no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

A resolución de concesión publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o establecido no artigo 78.8º Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Artigo 7º.-Pagamento.

A axuda poderá ser librada anticipadamente polo importe máximo do 50% da contía que se estableza na resolución tras a valoración das distintas solicitudes presentadas.

Artigo 8º.-Xustificación.

O perceptor da axuda queda obrigado a investir a axuda na reparación ou reposición dos danos segundo o proxecto básico presentado, de xeito que se manteña a situación existente antes de producirse a riada. Para tal efecto achegará a seguinte documentación:

- \* Facturas xustificativas de materialización da reparación ou reposición dos danos, indicando nelas concepto, importe sen IVE e importe total, así como documentos xustificativas do pagamento dos gastos realizados.

\* Calquera outro documento que xustifique o emprego da axuda na reparación ou reposición dos danos.

A Consellería de Innovación e Industria reserva para si a facultade de comprobación *in situ* cando finalicen os traballos para verificar a súa conformidade co proxecto.

Artigo 9º.-Duración do procedemento e réxime de recursos.

O prazo máximo para ditar e notificarlles resolución expresa aos interesados será o previsto no artigo 1.2º da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. O vencemento do prazo sinalado sen que se notifique resolución expresa, lexitima ao interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo. A administración poderá ir resolvendo as solicitudes de concesión a medida que se vaian presentando.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro desta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contado a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, de ser o caso, calquera outro que consideren procedente.

Artigo 10º.-Deber de colaboración. Reintegro das axudas.

1. Os beneficiarios, ademais das obrigas establecidas no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime

financeiro e orzamentario de Galicia, quedan sometidos á obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Consellería de Innovación e Industria así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2. O incumprimento ou a falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da axuda levará consigo, ademais das sancións que puidesen corresponder, o reintegro da axuda percibida incrementada co xuro legal correspondente desde o seu aboamento.

3. Toda alteración das condicións que se tiveron en conta para a concesión da axuda poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### *Disposición adicional*

No non previsto nesta orde aplicarase o Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia; o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa que resulte de aplicación.

#### *Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de decembro de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez  
Conselleiro de Innovación e Industria

#### *ANEXO I*

Relación de concellos aos que lles resultan de aplicación as axudas da presente orde.

Provincia da Coruña:  
Arzúa, Padrón, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribeira e Rois.

Provincia de Pontevedra:  
Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Cangas, Catoira, Cuntis, A Illa de Arousa, Marín, Meaño, Meis, Moaña, O Grove, Poio, Pontevedra, Portas, Ribadumia, Sanxenxo, Valga, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E**  
**INDUSTRIA**

*ANEXO II*

CAMPO OBRIGATORIO A ENCHER POLO/A INTERESADO/A

- ESTABLECEMENTO COMERCIAL, MERCANTIL OU TURÍSTICO
- ESTABLECEMENTO INDUSTRIAL

PROCEDIMENTO <b>AXUDAS PARA DANOS CAUSADOS POLAS INUNDACIÓNS                  PRODUCIDAS NO MES DE NOVEMBRO</b>	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO <b>IN532C</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

NOME E APELLIDOS / RAZÓN SOCIAL		DNI / CIF	
EPIGRAFE IAE		CÓDIGO POSTAL	
ENDEREZO		TELÉFONO	
PROVINCIA	LOCALIDADE	FAX	

**DATOS BANCARIOS**

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITO DE CONTROL	CÓDIGO CONTA CORRENTE
-----------------	-----------------	-------------------	-----------------------

**DATOS DA SOLICITUDE DA AXUDA**

**ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL QUE SUFRIU OS DANOS, LOCALIDADE E PROVINCIA (CAMPO OBRIGATORIO)**

ENDEREZO	PROVINCIA	LOCALIDADE
BREVE DESCRICIÓN DO INVESTIMENTO OU ACTIVIDADE QUE SE VAI REALIZAR E IMPORTE TOTAL DO PROXECTO		

**REPRESENTANTE LEGAL**

APELLIDOS	NOME	DNI
CARGO		

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (ORIXINAL OU FOTOCOPIA COMPULSADA)**

- DOCUMENTOS ACREDITATIVOS DA PERSONALIDADE OU IDENTIDADE DO SOLICITANTE (DNI E/OU CIF) E, NO SEU CASO ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN NA QUE SE ACTÚA
- COPIA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E MODIFICACIÓNS POSTERIORES NO CASO DE SER UNHA SOCIEDADE
- CERTIFICACIÓN EXPEDIDA POLA AXENCIA TRIBUTARIA NA QUE SE INDIQUEN OS EPIGRAFES DO IAE NOS QUE FIGURA DE ALTA O SOLICITANTE
- MEMORIA DESCRIPTIVA DOS DANOS CAUSADOS E DO CORRESPONDENTE INVESTIMENTO PARA A SÚA REPARACIÓN, CON DETALLE DO PRESUPOSTO DESGLOSADO POR PARTIDAS OU FACTURAS PROFORMA E DO CALENDARIO DE EXECUCIÓN, ACOMPAÑADA NO SEU CASO POLO PROXECTO TÉCNICO
- POLIZA DE ASEGURAMENTO E DECLARACIÓN XURADA DE QUE OS BENS PARA OS CALES SOLICITA AS AXUDAS NO ESTÁN CUBERTOS POLO SEGURO CORRESPONDENTE
- DECLARACIÓN DE AXUDAS, SEGUNDO ANEXO III
- DOCUMENTOS GRÁFICOS EN CALQUERA SOPORTE QUE DEAN FE DO DANO E ACREDITACIÓN DOS BENS AFECTADOS POLAS INUNDACIÓNS
- CERTIFICACIÓN BANCARIA PARA O ABOAMENTO DA AXUDA
- ACREDITACIÓN DA TITULARIDADE DO VEHÍCULO E DA SÚA AFECTACIÓN Á ACTIVIDADE QUE DESENVOLVE
- CALQUERA OUTRA DOCUMENTACIÓN QUE CONTRIBÚA A PROBAR A CONTÍA DOS DANOS

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 14 de decembro de 2006, pola que se regula a concesión de axudas para compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos causados polas inundacións do mes de novembro do ano en curso</i>	SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA  _____, de _____ de _____
--	--

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA

ANEXO III

**DECLARACIÓN DE SUBVENCIONS OU OUTRAS AXUDAS PÚBLICAS SOLICITADAS/CONCEDIDAS PARA A ACTIVIDADE OBXECTO DA SOLICITUDE E DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTÍCULO 13 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO, XERAL DE SUBVENCIONS**

Don/Dona  con DNI número   
 en calidade de  comparece en representación de   
 con CIF

**DECLARA:**

(sinalar cun X o que proceda)

- Non haber solicitado outras axudas para o proxecto obxecto da solicitude
- Ter solicitado axudas e subvencions dos organismos que se mencionan a continuación para o proxecto obxecto da solicitude

<i>Convocatoria</i> (1)	<i>Organismo</i>	<i>Código Expediente</i> (2)	<i>S/C/P</i> (3)	<i>Data</i>	<i>Importe</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(1) Indica-la orde de convocatoria da axuda ou subvención para a que se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos

(2) De non coñecerse o código de expediente, reflecti-lo programa ou liña de axuda do organismo

(3) Indica-la situación actual da axuda: S (Solicitada) C (Concedida) P (Pagada)

Así mesmo, comprométome a comunicar á Consellería de Innovación e Industria calquera nova solicitude, concesión ou pagamento que se produza con posterioridade á presente declaración, e en todo caso, antes do cobramento da/s axuda/s correspondente/s á presente solicitude.

Igualmente declárase que o solicitante non esta incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencions.

E para que conste, os efectos oportunos, asino a presente declaración-compromiso

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo:

## ANEXO IV

## ACEPTACIÓN DA AXUDA

## DATOS DO BENEFICIARIO

NOME:		NIF / CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
Nº EXPEDIENTE	ENDEREZO		CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>
PROVINCIA	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

## DATOS DO PROXECTO

DESCRIPCIÓN DO PROXECTO	IMPORTE SUBVENCIÓN
<input type="text"/>	<input type="text"/>
ENDEREZO ESTABLECEMENTO	
<input type="text"/>	
PROVINCIA	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

## EXPOÑO:

Que o abeiro da Orde do  de  de 2006, pola que se regula a concesión de axudas para compensar os danos sufridos en establecementos comerciais, mercantís, industriais e turísticos causados polas inundacións producidas no mes de novembro do ano en curso (DOG núm.  de ), presentei solicitude de subvención para o desenvolvemento del proxecto arriba indicado.

Que recibín notificación da Dirección Xeral de  da Consellería de Innovación e Industria, pola que se xuntaba Resolución dictada polo Excmo. Sr. Conselleiro de concesión de subvención ao abeiro da devandita Orde.

## POR TODO ISTO,

ACEPTO a concesión desta axuda, comprometéndome a cumprir todas as condicións establecidas na Orde de convocatoria e na resolución de concesión desta.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo:

(escribir nome e asinar)

*Resolución do 27 de novembro de 2006 pola que se lles dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 2 de maio de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos comerciantes individuais autónomos que abandonen a actividade comercial en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego (Diario Oficial de Galicia número 88, do 9 de maio).*

O artigo 17 da orde reguladora dispón: «unha vez ultimada a concesión das axudas ou subvencións publicárase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das concedidas con indicación do beneficiario, contía e finalidade da axuda ou subvención».

Na súa virtude,

**RESOLVO:**

Ordenar a publicación no *Diario Oficial de Galicia* das axudas concedidas ao abeiro da Orde do 2 de maio de 2006, pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006 de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos comerciantes individuais autónomos que abandonen a actividade comercial en desenvolvemento do Plan de renovación e mellora do comercio galego.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2006.

P.D. (Orde 31-1-2006, DOG nº 24)

Emilio Nogueira Moure  
Secretario xeral da Consellería de Innovación e Industria

**ANEXO**

Nome beneficiario	Partida orzamentaria	Subvención concedida € ano 2006	Subvención concedida € ano 2007	Subvención concedida € ano 2008	Subvención concedida € ano 2009	Subvención concedida € ano 2010	Subvención concedida € ano 2011	Finalidade
Josefa Rodríguez López	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	6.664			Abandono de actividade comercial
Juana Pérez Lorenzo	10.05.521A.770.2	10.000	9.163					Abandono de actividade comercial
Jesús José Vázquez Pérez	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	3.332	Abandono de actividade comercial
Manuela Rodríguez Rodríguez	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	4.165			Abandono de actividade comercial
Fermín Pose García	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	2.499	Abandono de actividade comercial
Carmen Loureiro Barizo (cónxuxe colaborador)	10.05.521A.770.2	5.000	5.000	5.000	5.000	2.919		Abandono de actividade comercial
Carmen Camba Martínez	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	9.163		Abandono de actividade comercial
Sara Vila Saa	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	4.165	Abandono de actividade comercial
Antonia Rodríguez Seijo	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	6.664		Abandono de actividade comercial
Manuel Pérez Martínez	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000		Abandono de actividade comercial
Inés González Diéguez	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	9.163		Abandono de actividade comercial
Edelmira Longueira Castro	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	3.332		Abandono de actividade comercial
María del Pilar Sánchez Caamaño	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	1.666	Abandono de actividade comercial
Josefa Camiña Iglesias	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	833			Abandono de actividade comercial
Gumersindo Rodríguez Varela	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	4.165			Abandono de actividade comercial
Modesto González Miramontes	10.05.521A.770.2	10.000	3.332					Abandono de actividade comercial
José Manuel Fentanes Pan	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	833			Abandono de actividade comercial
Josefa López Doce	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	9.163				Abandono de actividade comercial
Manuel Fernández Escaja	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	833	Abandono de actividade comercial
Isabel Garea Mallo	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	5.831		Abandono de actividade comercial
José Blanco Blanco	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	6.664		Abandono de actividade comercial
José Luis Arias Valín	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	10.000	10.000	2.499	Abandono de actividade comercial
Donatila Roca García	10.05.521A.770.2	10.000	10.000	10.000	5.831			Abandono de actividade comercial